

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2020 aprobou o Regulamento para o cambio de adscrición de prazas de profesorado entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## **Regulamento para o cambio de adscrición de prazas de profesorado entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela**

A Universidade de Santiago de Compostela conta con Facultades e Escolas distribuídas nos campus de Santiago de Compostela e Lugo. O seu profesorado está adscrito a unha única área de coñecemento, departamento e campus, sen prexuízo da súa asignación a un centro docente e da súa vinculación a un instituto universitario ou centro de investigación.

De acordo co establecido no artigo 20 m) dos seus Estatutos, a Universidade debe regular "o procedemento para facer efectivos traslados ou cambios de destino entre os dous campus". Co fin de dar cumprimento a esta previsión estatutaria elabórase este *Regulamento de cambio de adscrición de prazas de profesorado entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela*. Con el preténdese, por unha banda, optimizar o aproveitamento dos recursos humanos con que contan as áreas de coñecemento, facilitando a súa reorganización en función das necesidades existentes. Trátase ademais de ofrecer posibilidades de mobilidade ao profesorado para deste xeito favorecer o desenvolvemento da súa carreira profesional, así como favorecer a conciliación da vida laboral e familiar do profesorado.

En consecuencia, unha vez negociado cos representantes do persoal, o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 19 de xuño de 2020, acordou aprobar este Regulamento.

### **Artigo 1. Obxecto**

Este regulamento ten por obxecto establecer o procedemento para o cambio e o intercambio simultáneo de adscrición de prazas de persoal docente e investigador entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Artigo 2. Adscrición a un campus do persoal docente e investigador**

1. O persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela está adscrito a unha única área de coñecemento, a un único departamento e a un único campus, sen prexuízo da súa asignación a un centro docente e da súa vinculación a un instituto universitario ou centro de investigación, de acordo coas características de creación da praza que ocupa.

2. Con carácter xeral, a adscrición a un campus implica o dereito e a obriga de desenvolver as actividades docentes e investigadoras nun ou en varios centros dese campus. Non obstante, a adscrición a un campus é compatible coa asignación de labores docentes e co desenvolvemento de actividades investigadoras no outro campus, sempre nos termos que se establezan regulamentariamente e de acordo coa lexislación vixente e, no caso do persoal laboral, co previsto no convenio colectivo.

3. Poderase cambiar o campus de adscrición das prazas de profesorado, cando concorran algunhas das causas recollidas neste regulamento e consonte o procedemento previsto nel.

### **Artigo 3. Causas para o cambio de adscrición**

Poderase autorizar o cambio de adscrición dunha praza de profesorado entre os campus de Santiago de Compostela e Lugo cando concorran algunhas das seguintes causas:

1) Existencia nun dos campus de necesidades de docentes de carácter estrutural que fagan preciso a dotación de recursos a tempo completo. Quedan excluídas desta posibilidade as prazas de PDI pertencentes á oferta de emprego público (OEP) e creadas para estabilización ou promoción, que con carácter xeral se crearán no campus ao que estea adscrita a praza que serve de base para o proceso de estabilización ou de promoción.

Producido o cambio de adscrición, a Vicerreitoría con competencias en profesorado analizará se no campus de orixe existen, como consecuencia deste cambio, necesidades docentes sen cubrir. De ser este o caso, dotarase a praza que corresponda para atender debidamente esas necesidades.

2) Posibilidade de realizar intercambios simultáneos de adscrición entre dúas prazas de profesorado dunha mesma área de coñecemento e adscritas a distintos campus, nos termos recollidos no artigo 4.2.

3) Situacións nas que a diferenza entre a capacidade e o encargo docente das áreas de coñecemento sexa excedentaria en ambos os campus, cando o cambio de adscrición contribúa a corrixir os desequilibrios nesa relación entre os dous campus. Para a determinación da diferenza entre capacidade e encargo aplicarase o previsto na disposición adicional. En ningún caso a autorización destes cambios de adscrición poderá producir como resultado a inversión do desequilibrio existente entre os campus nin tampouco xerar no mesmo curso académico necesidades de contratación en ningún deles.

#### **Artigo 4. Requisitos dos solicitantes**

1. Poderá participar nos procesos de cambio de adscrición o profesorado dos corpos docentes universitarios con dedicación a tempo completo, o profesorado contratado laboral con vinculación permanente e o profesorado axudante doutor.

2. No caso de intercambio simultáneo, só será posible o cambio de adscrición de campus cando as prazas afectadas teñan a mesma dedicación e correspondan ambas ben a figuras de profesorado doutor con vinculación permanente (profesorado contratado doutor, catedrático/a de escola universitaria, profesorado titular de universidade ou catedrático/a de universidade), ou ben a figuras de profesorado non doutor con vinculación permanente (profesorado titular de escola universitaria, profesorado colaborador). Tamén poderán realizarse intercambios simultáneos entre o profesorado que ocupe prazas de profesorado axudante doutor.

#### **Artigo 5. Procedemento para o cambio de adscrición**

1. Con carácter xeral a Vicerreitoría con competencias en profesorado abrirá anualmente un período para que as persoas que desexen solicitar un cambio de adscrición e cumpran os requisitos establecidos neste regulamento poidan manifestar o seu interese.

2. A Vicerreitoría con competencias en profesorado, á vista das solicitudes presentadas, analizará a relación entre capacidade e encargo da área de coñecemento en cada un dos campus e, co informe previo do Departamento correspondente, elaborará unha proposta de resolución que, tras ser negociada na Mesa de PDI e informada pola Comisión de Organización Académica e Profesorado, se someterá á aprobación do Consello de Goberno.

3. De haber máis dunha solicitude de cambio de adscrición que cumpra cos requisitos establecidos neste regulamento, o procedemento resolverase de acordo o baremo que figura no anexo I.

4. No caso de que por causas sobrevidas sexa preciso revisar a planificación anual en materia de PDI, teranse en consideración as solicitudes de cambio de adscrición presentadas nese curso académico.

#### **Artigo 6. Efectos do cambio de adscrición**

1. De aprobarse o cambio de adscrición, a praza para a que se autoriza o cambio de adscrición trasladarase para o campus solicitado.

2. Con carácter xeral, os cambios de adscrición surtirán efecto no inicio de cada curso académico e sempre que a docencia encargada á área de coñecemento no campus de orixe quede debidamente cuberta, conforme os prazos e requisitos establecidos na programación académica.

3. Unha vez acordados polos órganos competentes, os cambios de adscrición serán irrenunciáveis.

#### **Disposición adicional. Capacidade docente, encargo docente e necesidades docentes**

Para os efectos da aplicación desta normativa no relativo aos cambios de adscrición de campus, a capacidade docente, o encargo docente e, polo tanto, as necesidades docentes dunha área de coñecemento nun campus serán os que resulten de aplicar os criterios vixentes en cada momento na

universidade para o cálculo da capacidade estrutural das áreas de coñecemento.

### **Disposición transitoria**

Nos cursos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 atenderanse as solicitudes de cambio de adscrición presentadas polo profesorado con praza nun dos campus á entrada en vigor deste regulamento, sempre e cando quede adecuadamente atendido o encargo docente da área no campus ao que está adscrito actualmente.

### **Disposición derogatoria**

Queda derogado o Acordo do 21 de decembro de 2009, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, polo que se aproba a normativa de mobilidade entre os campus de Santiago de Compostela e Lugo para persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela e aquelas outras normas da USC de rango igual ou inferior que se opoñan a este regulamento.

### **Disposición derradeira. Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro electrónico da USC e será de aplicación a partir do curso académico 2020-21.

## Anexo I. Baremo

Os procedementos de cambio de adscripción nos que haxa máis dunha solicitude resolveranse de acordo co seguinte baremo. Para a valoración dos diferentes ítems tomarase como data límite de referencia a de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

1. Corpo/categoría laboral da persoa solicitante, que se valorará do xeito que a seguir se indica:

- Catedrático/a de Universidade (15 puntos)
- Profesorado Titular de Universidade e Catedrático/a de Escola Universitaria (13 puntos)
- Profesorado Titular de Escola Universitaria e Profesorado Contratado Doutor (11 puntos)
- Profesorado Colaborador (9 puntos)
- Profesorado Axudante Doutor (7 puntos)

2. Tempo de servizos prestados na Universidade de Santiago de Compostela (máximo de 15 puntos). Os anos de servizo prestados na USC en calquera dos seus campus valoraranse a razón de 0,5 puntos por ano. Os anos de servizo prestados no campus de orixe do traslado recibirán unha puntuación adicional de 1 punto por ano. En ambos os casos os períodos inferiores a un ano recibirán a valoración proporcional que corresponda. Para os efectos da puntuación polo tempo de servizos prestados non se contabilizarán os tres primeiros anos de permanencia no campus desde o que se solicita o cambio de adscripción. No suposto de que algún solicitante supere a puntuación máxima, normalizarase a puntuación obtida por todos os aspirantes neste mesmo apartado.

3. Conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Os solicitantes poderán obter 5 puntos adicionais cando neles concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) O destino do cónxuxe ou parella de feito acreditada que teña a condición de empregado público de carácter fixo de calquera Administración no concello correspondente ao campus de destino ou ben nun concello situado nun radio de 30 kilómetros

O destino do cónxuxe deberá acreditarse mediante certificación da autoridade competente da Administración en que preste os seus servizos. O matrimonio deberá acreditarse mediante copia do libro de familia ou certificación actualizada do Rexistro Civil; no caso de parellas de feito, esta circunstancia deberá acreditarse mediante certificación expedida pola autoridade competente do ámbito municipal ou autonómico.

b) O coidado de fillos ou menores en acollemento familiar permanente que teñan menos de dezaseis anos.

A filiación ou situación de acollemento e a idade do menor acreditaranse mediante copia do libro de familia, certificación do Rexistro Civil ou copia da resolución administrativa ou xudicial da adopción, acollemento permanente ou preadoptivo.

c) A incapacidade sobrevida con posterioridade á obtención da praza, ou o coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou de afinidade, cando por razón de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si e non desempeñe actividade retribuída.

Todas estas circunstancias deberán ser acreditadas de xeito fidedigno. O parentesco e o seu grao acreditaranse mediante copia do libro de familia ou doutros documentos públicos. A situación de dependencia por idade, accidente, enfermidade ou discapacidade acreditarase mediante certificación do órgano da Administración Pública con competencia na materia. Deberá acreditarse, así mesmo, mediante o correspondente certificado, que a persoa dependente non está de alta en ningún réxime da Seguridade Social pola realización dun traballo por conta propia ou allea e que non desempeña actividade retribuída ningunha.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ**, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/06/2020 13:41:53.

**Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA**, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/06/2020 18:32:36.

**CSV: D2C1-BA20-41F2-8101**